



## Manolito Gafotas (*fragmento*)

AutorA: Elvira Lindo  
Alfaguara 1994



"Me llamo Manolito García Moreno, pero si tú entras a mi barrio y le preguntas al primer tío que pase:

- Oiga, por favor, ¿Manolito García Moreno?

El tío, una de dos, o se encoge de hombros o te suelta:


-Oiga, y a mí qué me cuenta.

Porque por Manolito García Moreno no me conoce ni el Orejones López, que es mi mejor amigo, aunque algunas veces sea un cochino y un traidor y otras, un cochino traidor, así, todo junto y con todas sus letras, pero es mi mejor amigo y mola un pegote.

En Carabanchel, que es mi barrio, por si no te lo había dicho, todo el mundo me conoce por Manolito Gafotas. Todo el mundo que me conoce, claro. Los que no me conocen no saben ni que llevo gafas desde que tenía cinco años. Ahora, que ellos se lo pierden.

Me pusieron Manolito por el camión de mi padre, y al camión le pusieron Manolito por mi padre, que se llama Manolo. A mi padre le pusieron Manolo por su padre, y así hasta el principio de los tiempos. O sea, que por si no lo sabe Steven Spielberg, el primer dinosaurio velociraptor se llamaba Manolo, y así hasta nuestros días. Hasta el último Manolito García, que soy yo, el último mono. Así es como me llama mi madre en algunos momentos cruciales, y no me llama así porque sea una investigadora de los orígenes de la humanidad. Me llama así cuando está a punto de soltarme alguna galleta o colleja. A mí me fastidia que me llame el último mono, y a ella le fastidia que en el barrio me llamen el Gafotas. Está visto que nos fastidian cosas distintas, aunque seamos de la misma familia."

"... El Imbécil es mi hermanito pequeño, el único que tengo. A mi madre no le gusta que le llame el Imbécil; no hay ningún mote que a ella le haga gracia... Me salió el primer día que nació. Me llevó mi abuelo al hospital, yo tenía cinco años; me acuerdo porque acababa de estrenar mis primeras gafas y mi vecina Luisa siempre me decía: "Pobrecillo, con cinco años".





## Carta do avó aos Reis Magos

Autor: Xoán Farias



”**M**elchor, Gaspar e Baltasar. ¿Por que non o hei crer, fillo? Un amigo meu pediuilles a lúa reflexada nunha charca e trouxéronlla.

Cando eu tiña seis anos e era pobre, pedinlle un xoguete. Trouxéronme o mar. Papá tan asombrado coma min, dixo: “Nunca vira nada tan grande nin tan divertido”.

Outro ano, pedinlle outro amigo e así seríamos sete, cinco na cancha e dous no banquiño, polo que puidese pasar. Pedinlle un amigo dun metro e moito de alto, todo un pivot.

Cando volva ser neno, á hora de pedir, na noite dos prodixios, pedirei que me deixen ter un can, que á miña nai o día 24 de todos os meses, áinda lle queden dous panes na despensa e que o meu papá volva á casa e sorría.

Cando sexa neno, á hora de pedir, pedirei que os mapas políticos cambien polas boas, que cada un poida colorealos como queira, coas cores que máis lle gusten e que todos caiban no mesmo libro.

O meu pai, fillo, pedía os ventos de marzo, as chuvias de abril, as mapoulas de xuño, ver madurar o trigo e que o alcalde fose un home honrado.

Cando sexa neno, á hora de pedir, pedirei motivos para cantar contento, que a nena do pomar volva sorrirme, que nazas ti, pedirei unha canción, un sorriso e un bico, un amigo e, en todo caso, fillo, un vaso de bo viño.

Cando sexa neno, á hora de pedir, pedirei cousas que non se rompen, nin se oxidan, nin aburren, cousas que se quedan na memoria, en tanto volva a ir de neno a vello e para sempre, seguro que polos séculos dos séculos. Amén.”

*Esta é a carta que o meu avó escribirá aos Reis Magos cando volva ser neno.*





## A trabuca-las historias. Contos ao teléfono

Autor: Gianni Rodari  
Ed. Juventud



"-Era unha vez unha nena que se chamaba Carapuchiña Marela.  
-¡Non, Vermella!

-Ah, si. Carapuchiña Vermella. A súa nai chamouna e díolle: escoita, Carapuchiña Verde...

-¡Que non, Vermella!

-Ah, si, Vermella. Vai cabo da tía Diomira a levarlle esta para de pataca.

-Non: vai cabo da avoa a levarlle este pastel.

-Está ben. A nena andou para o bosque e atopou cunha xirafa.

-¡Que confusión! Atopou cun lobo, non cunha xirafa.

-E o lobo preguntoulle: ¿Cantas fan seis por oito?

-Non fan nada. O lobo díolle: ¿Para onde vas?

-Tes razón. E Carapuchiña Negra respondeu...

-¡Era Carapuchiña Vermella, vermella, vermella!

-Si, e respondeu: Vou ó mercado a merca-lo prebe de tomate.

-Nada diso: Vou cabo da avoa que está doente, mais non sei o camiño.

-Xusto. E o cabalo dixo...

-¿Cal cabalo? Era un lobo.

-Seguro. E dixo así: Colle o tranvía número setenta e cinco, baixa na praza do Duomo, vira á dereita, atoparás tres chanzos e unha moeda na terra, deixa esta-los tres chanzos, apaña a moeda e merca un chicle.

-Avó, ti non sabes para nada contar historias, trabúcalo todo. Pero o chicle mércamo igual.

-Está ben: toma a moeda.

E o avó volveuse poñer a le-lo seu xornal."





## Desde o corazón da mazá

Autor: Xoán Farias  
Ed. Ala Delta. Tambre

**H**ai anos, moitos, case tantos coma os que levo ao lombo, un mestre de escola díxome, díxonos:

-Agora, e ata que medie setembro, cando non saibades que facer,  
escribide un libro.

-De que clase? -pregunteille.

El sorriu:

-De piratas malaios ou de ananos xigantescos.

E mirando cara a Petunia (hoxe a piques de ser avoa), dixo:

-De cómo serán os cinco fillos que queres ter e de que coliflor sairá  
o mozo que ha de namorarte.

Virouse cara a Carlos (hoxe xa descansa en paz) e suxeriu:

-A historia dun home que inventa calquera chintófano, algo que áinda  
non o hai, pero do que despois ninguén poderá prescindir.

Puxo o sombreiro, colleu o bastón, deulle unha estocada ao aire e  
dixo:

-Tamén podería ser sobre o que se move ao voso arredor: as persoas,  
os trasnos, o vento, etc., etc., etc...

Saudou e marchou de vacacións."






Autor: Ricardo Mariño  
2004




"**L**eer es más trabajoso que mirar.

Dicho brutalmente, los dibujitos que llamamos letras son representaciones de ruidos que llamamos palabras que a su vez son representaciones de las cosas. En el televisor, en cambio, están directamente las cosas (la imagen de ellas). Es más trabajoso leer que mirar. Pero recordemos que correr tras una sola pelota que se la disputan veinte chicos valiéndose de patadas y empujones es más trabajoso que quedarse sentado en un banco de la plaza mirando comer a las palomas. Curiosamente, los chicos prefieren el fútbol a quedarse sentados. Debe ser que lo muy placentero hace olvidar lo trabajoso de su consecución. Los buenos libros hacen olvidar el trabajo de leer."






Autor: Daniel Pennac  
1993



"El niño seguiría siendo un buen lector si los adultos que lo rodean alimentaran su entusiasmo en lugar de poner a prueba su competencia, si estimularan su deseo de aprender en lugar de imponerle el deber de recitar, si le acompañaran en su esfuerzo sin contentarse en esperarle a la vuelta de la esquina, si consintieran en perder tardes en lugar de intentar ganar tiempo, si hicieran vibrar el presente sin blandir la amenaza del futuro, si se negaran a convertir en dura tarea lo que era un placer, si alimentaran este placer hasta que se transmutara en deber, si sustentaran este deber en la gratuidad de cualquier aprendizaje cultural, y recuperaran ellos mismos el placer de esta gratuidad."





**Mafalda**

Autor: Quino



Tradución da Biblio Xoán Farias



**Cama e conto** (*fragmento*)

Autor: Gonzalo Moure  
Xerais

"Plantácheste diante miña, cortándome o paso  
(desde a cociña á sala), cruzácheste de brazos, moi seria,  
e, ¿lembrai?, dixéchesme:

-Pois se estades tan cansos, os dous, ipara a cama!

Ao principio rin, un pouco sorprendida, pero logo,  
como ti insistías, mirei o reloxo, vin que eran as nove da  
noite, e contesteiche, sen entender nada áinda:

-É que áinda non teño sono.

O teu pai ergueuse. Saíu ao corredor.

-¿Como que para cama? -preguntouche.

Sorriches co sorriso que adoitabas pór para asustar  
os nenos do parque, e dixeches con voz de bruxa:

-Pero, ¿non me dixestes que estabades taaaaan  
cansos?"





# LECTURAS de paseo...

**Son un cabalo** (*fragmento*)

Autor: Gonzalo Moure  
Kalandraka

"**S**ei moi ben  
que me queres moito.  
Acaríñasme,  
tráesme herba,  
azucré e anacos de  
pan. Gústame a herba,  
gústame o azucré,  
gústame o pan.  
Gústanme os teus  
aloumiños más ca  
nada.

Cando o fas así,  
cando pasas as túas  
mans polo meu colo ou  
pola miña cabeza,  
percórrenme  
tremores de gozo."





**Palabras de Caramelo** (*fragmento*)

Autor: Gonzalo Moure  
Xerais



"**O** amencer foi frío. Kori abrochou o anorak e amarrou o turbante negro, deixando apenas unha físgoa para os ollos. Respiraba o seu propio alento, e así recuperaba a pouca calor que exhalaba. O sol asomou polo leste coma unha escudela avermellada polo lume, e o deserto incendouse. Sombras rosadas, pero sombras na nada. Nin unha árbore, nin un pouco de herba, nada. Unha vasta desolación, unha ausencia infinda.

Kori ollou para Caramelo, pensou <cara a onde imos?> e moveu os labios. Caramelo movía os seus, rumiando incansable. Os ollos do camelo semellaban cansos. Kori leu neles: <Sígueme.>"





**Novas minimaladas** (*fragmento*)

Autores: Pinto e Chinto  
Merlín. Xerais


"Este era un porco que non tiña cartos para mercar un disfraz co que ir ao baile de disfraces. Entón o porco colleu un pouco de lama, e pintou unha raia no lombo, e foi ao baile de disfraces disfrazado de peto."





Entrevista colgada no blog de Lucía Serrano. Ilustradora de "Cama e conto"

① En tu infancia, ¿Qué libros habitaban en tu librero?



② ¿Con quiénes compartías lecturas y qué recuerdos tienes de esos momentos?



③ ¿Cómo influyó en tu vida la presencia de los libros en familia?



④ Hoy, ¿Con quién comparten la lectura?






## Cao Chong pesa el elefante

Conto popular chino

Talleres Gráficos de Lenguas Extranjeras. 1981



**E**n la antigüedad, el rey Sun Quan le obsequió un magnífico elefante al rey Cao Cao. Todos los funcionarios de la corte, tanto civiles como militares, llegaron hasta el Palacio Real para contemplar el bello ejemplar. El elefante era tan grande que Cao Cao quiso pesarlo. -¿Cuál de mis funcionarios puede idear un método para pesar el elefante? - preguntó a los presentes. Alguien propuso fabricar una balanza gigantesca. Hubo otras propuestas, incluso la de matar el animal para pesarlo pedazo por pedazo.

Cao Chong, hijo de Cao Cao y de sólo siete años, al oír tan descabelladas sugerencias, dijo tener un método apropiado y se comprometió a pesarlo.

Cao Chong, sin inquietud ni prisas, llevó el elefante al puerto y lo embarcó.

Ya el elefante en el barco, éste se hundió un poco y Cao Chong trazó una línea roja en el casco indicando el nivel del agua.


Hecho esto, desembarcó al colosal mastodonte.

"Ahora -ordenó- cargad el barco con piedras...

"Cuando el barco se haya hundido hasta que el nivel de las aguas alcance la línea roja...

"El peso de las piedras será el peso del elefante."

"¡Bravo!", aplaudieron los presentes, mientras Cao Cao elogiaba la inteligencia de su hijo.



Imaxes tiradas da Internet



**Quen son?** (*Adiviña*)


Autora: Alicia Borrás  
Árbore/Galaxia, 2006



**E**stou feito de madeira,  
pero Pinocho non son.  
Tampouco son carboeiro  
inda que levo carbón.

Podería ser un pau  
pois son longo e estreitiño;  
e cando traballo arreo  
vólvome moi pequeniño.

Ás veces mordes en min  
por más que somos amigos...  
Dareiche a última pista:  
debuxo, pinto e escribo.



*Imaxes tiradas da Internet*



# LECTURAS de paseo...

**Quen me quere adoptar?** (fragmento)

Autora: Fina Casalderrey

**A** Manuel sobraba tempo e non sabía que facer con el. Iso poñía nervioso. Abriu a carteira de pel de vaca, sacou un billete pequeno e exclamou:

-¡Vou fabricar a felicidade!

E botou a rir.

Foi a unha tenda, mercou un cartón branco, unha pintura vermella e preparou un cartel. **¿QUEN ME QUERE ADOPTAR? BUSCO FAMILIA CON NENOS.** Logo apegouno na súa porta.

Pasaron dous días e tan só o seu gato fixo caso do anuncio. Manuel aumentoulle un anaquiño: **SEI LATÍN E MATEMÁTICAS.**

Pasaron outros dous días e ninguén se interesou. Manuel escribiu un pouco máis: **NON BUSCO DIÑEIRO.**

Unha señora con pelos de pincho e peituga de galiña chamou á súa porta. Acompañábaa un neno que o mirou con dentes apertados. Parecía un can malo. -¡Oia, véñase á casa! ¡Pero nin se lle ocorra contrariar ao neno! -dixo a señora.

O neno deulle unha patada no nocello a Manuel. Así era o seu saúdo.

A el iso non lle gustou e dixo non.

Pouco despois unha voz de veludo faloulle doce coma un melocotón maduro. -¿Querería vostede vivir con nós?

Aquela muller levaba dúas nenas de gracioso pelo crecho e un neno de mirada leda collidos dunha soa man.

Eran coma uvas dun mesmo acio.

Os trillizos regaláronlle tres sorrisos enormes e tres olladas de mel.

-¿Acepta vostede? -insistiu a señora.

E Manuel aceptou.


Ilustración de M<sup>a</sup> Fe Quesada

# LECTURAS de paseo...

Thom

Autor: Andrés Meixide

Guión e desenhos Andrés Meixide





### De lenda en lenda (fragmento)

Autores: Esperanza Piñeiro de San Miguel e Andrés Gómez Blanco  
Xunta de Galicia, 1999

#### A LENDA DE SANTA COMBA DE COBAS



J. M. González Collado

**D**e San Xurxo ata Cobas esténdese a seguinte praia, enorme e coa area tan branca coma tódalas da zona. Dobramos o cabo Prior e a marabilla continúa: novas praias alternándose con escarpados promontorios que aturan o embate do mar. Nun deses saíntes erosionados ata o punto de que se converteu en illa, está a capela de Santa Comba. Só na baixamar pódese acceder a pé ata a Ínsula da Santa, a través da praia e dunha escaleira alí construída.

Contan que a imaxe da Santa, acompañada do seu fillo San Silvestre, viñera por mar, navegando sobre as ondas nunha barquiña de pedra. Nin vela nin remos necesitou para chegar ata aquí. Debía saber moi ben o que quería e elixiu un lugar deserto e illado, de beleza galaica.

Cerca da capela consérvase a barca da Santa. Semella un gran bebedoiro, unha gran pía de pedra, posiblemente utilizada antigamente como faro con fogueira orientativa. Varias veces intentaron trasladala pero nunca se deixou, pois din que canto máis trataban de movela, máis se afundía na terra. ¿Non será que a barca quere estar xunto á ermida por se á Santa se lle ocorre navegar de novo?



Imaxe: Tur Galicia



# LECTURAS de paseo...

**Guía práctica para educadores.  
El alumno con TDAH**

Trastorno por Déficit de Atención  
con o sin Hiperactividad (anexo)  
AutorA: B. Mena Pujol e outros  
Ediciones Mayo

1



En primeiro lugar  
párome, miro  
e digo  
todo o que vexo

2



¿Que teño  
que facer?

3



¿Como o  
farei?

4




Presto moita  
atención

5



¡Adiante,  
xa podo  
facelo!

6



Xenial,  
saíume  
moi ben.  
¡Felicítome!

7



Equivoqueime.  
¿Por que?  
(Repaso).  
¡Ah! A próxima  
vez irei más  
amodiño.



## Soy feliz, no me preocupo... soy yo quien tiene preocupado al mundo

(contraportada)

Autor: Jimmy Liao  
Barbara Fiore Editora 2012

Algunos están  
siempre preocupados.  
Otros no lo están nunca.



Algunos se preocupan  
por las cosas eternas y distantes.  
Otros, por lo cercano e inminente.



Las preocupaciones  
son como un resfriado:  
las preocupaciones de uno  
enseguida se contagian  
a los demás.



Estar o no estar preocupado  
son dos caras de la misma moneda.



De este mundo, a ti, ¿qué te preocupa?





# LECTURAS de paseo...

**Vaia tropa** (Poema)

Autor: Antón Cortizas

Xerais 2011



Ilustración de M<sup>a</sup> Reyes Guijarro



**Detrás dun sorriso estirado** (*Poema*)

AutorA: Gloria Sánchez  
Lagarto Pintado. Xunta de Galicia. 2005



Pequeneiro  
a cara de vello  
sucada de engurras  
e o nariz con pelos.  
Vive nos faiados  
baixo os cogomelos.

Argalla trasnadas, diabruras,  
foliadas, o gran trapalleiro.  
Ceiba as bestas polo monte  
tira do bigote a gata  
mexa na cunca do leite  
deixa o meniño sen manta.  
E os meus poemas enlea  
onsa tronos, onsa tronos<sup>1</sup>  
coas súas palabras secretas.




1. Ler do revés



## LECTURAS de paseo...

**Detrás dun sorriso estirado** (*Poema*)

AutorA: Gloria Sánchez  
Lagarto Pintado. Xunta de Galicia. 2005



Baixo deste  
murchopucho  
tras dun sorriso  
estirado  
aquí vén  
o bo pallaso.

Un abrigo para as medras  
de colores rechamantes  
para abrigar se ten frío  
un corazón grande, grande.

Que grandísimos botóns  
que grandísimos os guantes.

O pantalón, moi escaso  
vai prendido dun tirante.

E uns enormes zapatos que lle prestou un gigante



**O meu gato é un poeta** (*Poema*)

Autor: Fran Alonso

Xerais 2011

O meu gato é un poeta  
e escribe porque lle peta.





O meu gato é un poeta. A poesía cura (*Poema*)

Autor: Fran Alonso  
Xerais 2011

## A POESÍA CURA:

- 1** As perrenchas e os enfados
- 2** Os nervios do estómago
- 3** As dores de cabeza
- 4** Os desenganos do amor
- 5** Os pés planos
- 6** Os grans da impaciencia
- 7** As parvadas más ilustres
- 8** Case todas as indíxestíons
- 9** Os ataques de ansiedade



Eixe en función dos síntomas que teñas e le dous poemas tres veces ao día: co almorzo, xantar e cea.



# LECTURAS de paseo...

**Un rato díxolle á lúa. Un bico porque** (Poema)

Autor: Antonio García Teijeiro

Xerais 2013

Un bico porque  
si  
Un bico porque  
non  
Un bico coma o  
lume  
Un bico cora-  
zón  
Un bico porque  
re  
Un bico porque  
dó

Un bico porque  
la  
Un bico porque  
sol  
Un bico dó re  
mi  
Un bico acorde-  
ón  
Un bico dó si  
fa  
Un bico percu-  
sión  
Un bico porque  
si  
Un bico, por que  
non?

BIBLIOTECA XOÁN FARIAS




**Un rato díxolle á lúa** (*Poema*)

Autor: Antonio García Teijeiro

Xerais 2013

Un rato díxolle á lua:  
-Nunca reparas en mí;  
por iso vivo na rúa  
metido nun calcetín.



Cobas  
Montaxe, Biblio Xoán Fariñas



## LECTURAS de paseo...


**Historias e algúns percances todas ditas en romance. Romance da adiviña**

Autor: Antón Cortizas  
Árbore-Galaxia 2004

Esta historia que vos conto  
non é historia que é adiviña  
que certo día escoitei  
de non sei quen dicía.  
Trata de saber se podes  
con tanta sabedoría  
adivinar nun momento  
de quen fala esta cantiga.  
É un ollo que non ve,  
mais é un ollo que te mira  
agachado nas montañas  
e agachado nas mariñas.

  
Non ten brazos e abraza,  
non ten patas e camiña,  
non ten corazón e quiere,  
non ten mans e acariña;  
non ten ás pero revoa  
polos montes e campías.  
Se non sabes a resposta,  
se non a sabes aínda,  
antes de morrer a noite  
podes soñar que a imaxinas  
que alí está sobre os teus soños  
a dar voltas toda a vida.





# LECTURAS de paseo...

Vaia tropa (Poema)

Autor: Antón Cortizas  
Xerais 2011



Coñezo un sárxento que vive en Ferrol

que en vez de ter can ten un caracol.

E todas as noites o saca a mexar;  
tan lento é o bicho, a desesperar,  
que ao volver á casa xa saíu o sol.



Ilustracións do libro: M<sup>a</sup> Reyes Guijarro  
Montaxe, Biblio Xoán Farias

BIBLIOTECA XOÁN FARIAS



# LECTURAS de paseo...

**Refraneiro galego** (*Refrán*)

Imaxe e composición: Biblio Xoán Farias

**En abril augas mil,  
e en maio todas as que queiran vir.**

(Refraneiro popular galego. Biblio Xoán Farias)



Vinte e nove de abril de dous mil catorce



## LECTURAS de paseo...

Los Superpreguntones. El cuerpo humano.

Vox



¡ÑAM, ÑAM,  
PPPRRRFFF!

104

¿Por qué tenemos  
que masticar bien  
los alimentos?



Antes de tragar la comida, hay que masticarla bien porque, cuanto más pequeños sean los trozos, más fácilmente se descompondrán en el estómago, y eso nos ayudará a hacer bien la digestión.

105

¿Por qué los niños  
deben tomar mucha leche,  
yogur y queso?

Porque, durante el crecimiento, es importante comer alimentos ricos en proteínas y vitaminas, que son los materiales de construcción del cuerpo.



BIBLIOTECA XOÁN FARIAS



**O señor Corpo quere xogar** (*Poema*)

AutorA: Alicia Borrás Sanjurjo

Xerais 2013




*Ilustracións do libro: Rodrigo Chao  
Montaxe, Biblio Xoán Farias*



No corazón do bosque (*Fragmento do primeiro capítulo*)

Autor: Agustín Fernández Paz

Xerais 2002



Imaxe tomada no río Eume (Fragas do Eume) na primavera de 2014

Montaxe Biblio Xoán Farias



**No corazón do bosque** (*Fragmento do primeiro capítulo*)

Autor: Agustín Fernández Paz

Xerais 2002



*Imaxe tomada no Mosteiro de Caaveiro (Fragas do Eume) na primavera de 2014  
Montaxe Biblio Xoán Farias*